OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE

14



**VIDA SUBMARINA** | *Libro informativo* | *Lecturas expertas*

## *O libro dos océanos. Que ameaza o mar*

Esther Gonstalla

Patricia Buján Otero

Obra divulgativa sobre a multitude de problemas que enfronta o mar na actualidade: contaminación por plástico, verteduras de petróleo, sobreexplotación pesqueira… Neste libro atopamos unha análise pormenorizada do estado en que se atopa o ecosistema mariño e cales están sendo as consecuencias da actividade humana nel.




catroventos EDITORA

978-84-945917-9-2

2018

ODS 7 e 12

**VIDA SUBMARINA** | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

## *O mar é noso*

Alicia Borrás

Colección de relatos que nos aproxima ao mundo do mar.




EDITORIAL GALAXIA

Costa Oeste

978-84-9865-254-3

2010

**VIDA SUBMARINA** | *Libro informativo* | *Lecturas expertas*

## *Plasticus maritimus. Unha especie invasora*

Ana Pêgo e Isabel Minhós Martins

Bernardo Carvalho

Celia Recarey

Nesta obra divulgativa coñecemos os distintos tipos de plásticos que contaminan os nosos mares e os problemas que causan ao medio acuático e aos seres vivos que nel habitan. Calcúlase que uns 8 millóns de toneladas de material plástico acaban cada ano no medio mariño, o que fai pensar que no ano 2050 o peso do plástico presente neste medio superaría ao dos propios peixes.




Kalandraka

978-84-1343-016-4

2020

ODS 12

## E TAMÉN...

- *A arte do bo pescar*
- *Cando soa a buguina*
- *Enciclopedia temática. A Nosa Terra. Tomo I O medio mariño*
- *Enciclopedia temática. A Nosa Terra. Tomo VII Os recursos mariños*
- *Galiza: O mar*
- *Guía dos peixes de Galicia*
- *O canto dos peixes*
- *O ecosistema mariño*
- *O medio mariño*
- *O noso amor será eterno*
- *Os recursos mariños*
- *O traballo no mar*
- *Nos mares diversos*
- *Patente de corso*
- *Os peixes de cores*
- *Verbas de sal*

# 15 Literatura infantil e xuvenil galega

gálix

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

## *A fraga do meu avó*

Alicia Borrás e Gloria Sánchez

María Lires




EDITORIAL GALAXIA

Sonárbore

9788491513599

2019

ODS 11

Obra que busca concienciar acerca dos problemas dos bosques autóctonos e dos espazos naturais a través de poesía, música e ilustracións. O seu obxectivo é que a rapazada poda seguir gozando de espazos de vida coma as fragas.

Inclúe CD de Mamá Cabra

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

## *A nena que abrazaba as árbores*

Henrique Alvarellos Casas

Xulia Nieto Pereira




Editora alvarellos

Verdemar

9788416460793

2020

ODS 10

Libro que nos convida a mergullarnos nos segredos do bosque a través da protagonista, Lucía, e do seu amigo Álex, que, aínda que non pode ver, sente cada son e cada pedazo de natureza.

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Poesía* | *Primeiras lecturas*

## *Animalario de ler a diario*

Eduard Velasco

Nuria Díaz




XERAIS

Merlín

9788411101103

2022

Hai foliada no souto e os animais convídannos a bailar con eles e a descubrir como viven polo aire, pola terra e polo mar. A vacaloura, o morcego ou o caranguexo tatexo farannos rir e emocionarannos.

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

## *Esperando o amencer*

Fabiola Anchorena

Fabiola Anchorena

Manuela Rodríguez




Kalandraka

Premio Compostela

9788413431772

2022

ODS 11 e 12

O texto poético e o tratamento da cor son as ferramentas das que se serve a autora para desenvolver esta necesaria chamada de atención ante a explotación e destrución que a Amazonia sofre desde hai décadas.

OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE 15



**VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES** — *Teatro* — *Primeiras lecturas*

## *Historia dunha sobreira*

Ramón Caride Ogando

Suso Cubeiro

Esta obra teatral alerta dos perigos de non coidar, respectar e amar a natureza que nos rodea. Fálanos da experiencia dun grupo de escolares que fai o imposible para evitar que tallen a sobreira que, desde sempre, é compañeira e amiga do alumnado do colexio.




editorial everest

Galicia encantada

9788440304018

2001

ODS 17

**VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES** — *Álbum ilustrado* — *Primeiras lecturas*

## *Lume! Dona Landra contra a lapa*

Alberto Varela Ferreiro

Alberto Varela Ferreiro

Non hai moito tempo había un bosque vello e fermoso onde vivían moitos animais, ata que un día unha lapa esfameada escapou dunha cachela con desexos de facer lume e fume.

Libro para concienciar acerca de que a nosa paisaxe forma parte da nosa identidade.




XERAIS

Merliño

9788497825627

2007

**VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES** — *Libro informativo* — *Primeiras lecturas*

## *O gran libro da nosa horta*

Blanca Millán

Blanca Millán

O libro amosa todo o que precisamos saber para crear a nosa horta dende o principio. Coñeceremos o lugar perfecto para ela, os procesos de semente e colleita e os cultivos que podemos poñer en cada época do ano para ter froitas e verduras frescas cada día.




cumio

Álbumes ilustrados

9788482895833

2022

ODS 11

**VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES** — *Álbum ilustrado* — *Primeiras lecturas*

## *O noso recuncho*

Marina Núñez

Avi Ofer

Esta historia ocorre nun espazo verde onde todo é posible no medio dunha gran cidade. Cando os nenos e as nenas descobren que este recuncho vai desaparecer, empezan a coidalo como nunca e a soñar en todo o que podería suceder alí.




triqueta editora

Infantil

9788418687297

2022

ODS 17

# 15 Literatura infantil e xuvenil galega

gálix

**VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES** | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

## *Os Bolechas queren saber que é o solo*




Pepe Carreiro

Pepe Carreiro

A familia dos Bolechas aprende que clase de animais e plantas viven no solo e no subsolo. Tamén aprenden que o seu coidado é fundamental para a nosa vida.

A NOSA TERRA

Os Bolechas

9788496203136

2014

**VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES** | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

## *Os nosos bosques*




Diego García e Judit Santos

Clara Cerviño e Andrea Soto

As fermosas ilustracións amósannos a riqueza de vida que agochan os diversos bosques galegos, invitándonos a esculcalas e coñecermos as fragas atlánticas, as devesas luguesas, as carballeiras e soutos repartidos polo territorio.

miudiño S.COOP.GALEGA

Coñecer para amar

9788494475832

2021

**VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES** | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

## *Por tobos e tobeiras*




Markéta Špačková

Ilona Komárková

María Reimóndez

Este álbum é unha invitación a botar unha ollada ao interior das cámaras misteriosas que se atopan ao pé de tocos e árbores caídas, nos camiños subterráneos para visitar coellos, ver osos durmindo nas súas camas ou algúns armiños falcatrueiros...

Baía Edicións

Quen vive aí?

9788499953489

2021

ODS 11

**VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES** | *Poesía* | *Primeiras lecturas*

## *Sementes viaxeiras*




Yolanda Castaño Pereira

Xosé Tomás

Primeiro volume dunha triloxía sobre migracións no que Yolanda Castaño mostra os distintos tipos de viaxes que percorren as sementes para espallar a súa descendencia: polo aire, pola terra ou polo mar.

edicións embora

Fardel dos soños

9788417824051

2019

**VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES** | *Teatro* | *Lecturas autónomas*

## *A fraga (des)animada*

Xesús Santos Suárez

Esta obra de teatro discorre nunha fraga onde conviven árbores foráneas e autóctonas. O carballo, o piñeiro ou o castiñeiro discuten co eucalipto porque ten sede de máis. Cando chega dende Portugal a sobreira, as protestas volverán aparecer. Todo empeora coa chegada do ser humano.




IR INDO
Nabarquela
9788476801147
1993
ODS 11

**VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES** | *Novela* | *Lecturas autónomas*

## *As fadas verdes*

Agustín Fernández Paz

Beatriz Castro Arbaizar

O lume arrasa o monte do Castro e case acaba coas fadas verdes. Pero no máis profundo da fraga sobrevive Goewín, quen lle vai revelar a Diana todos os segredos das gardadoras do bosque. Unha forma amena de ver a relación entre ecoloxía e lendas.




sm
El Barco de Vapor - Azul
9788413183565
2020

**VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES** | *Novela* | *Lecturas autónomas*

## *As sentinelas do silencio*

Beatriz Maceda

Laura Veleiro

Iria ten que deixar a cidade onde vive, as súas amigas, o colexio, a praia das tardes do verán... para ir vivir cos seus pais no campo. Alí a vida semella perder todo o sentido ata que vai coñecendo unha comunidade de persoas especiais.

Unha emotiva novela ecoloxista; un canto á natureza e á defensa do medio rural.




XERAIS
Merlín
9788411101349
2022
ODS 17

**VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES** | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

## *Creador@s na reserva*

VV AA

VV AA

Trátase de poñer en relación a creación literaria e plástica, unindo 21 textos literarios e 21 ilustracións de creadoras e creadores galegos para destacar a riqueza natural da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras de Mandeo, difundindo o recoñecemento outorgado pola UNESCO. Coordinado por María Canosa




gálix
9788409372799
2022
ODS 11
Pódese descargar de www.galix.org

15

# Literatura infantil e xuvenil galega

gálix

**VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES** | *Novela* | *Lecturas autónomas*

## *O que nunca che contaron*

María Canosa e Kike Gómez

Dani Padrón

Observaches o ceo á noite e non fuches quen de ver o po de estrelas? Quen inventou o baile das bolboretas? E... de onde tiran a inspiración os magos? Cando descubras os segredos destas páxinas, verás o que acontece arredor de ti dun xeito diferente.




oqueleo

Serie morada

9788416834808

2017

**VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES** | *Informativo / Narrativo* | *Lecturas autónomas*

## *O valor das árbores*

Susana Domínguez

Daniel Rodríguez

Rubén Anido Domínguez

Libro que explica o valor das árbores nos ecosistemas e o papel esencial que xogan para que poida seguir existindo a vida tal como a coñecemos. Xunta a descrición das árbores (libro informativo) cos relato de diferentes historias relacionadas con elas.




EDITORIAL SAURE

Una mano tendida

9788417486990

2022

ODS 11

**VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES** | *Teatro* | *Lecturas autónomas*

## *Pelexa no souto*

Olimpio Arca Caldas

Paco Lareo

A obra representa o xuízo polas disputas entre un castiñeiro e un eucalipto. Nel, distintos animais e veciños interveñen para aclarar as virtudes de ambos.




Edicións Fervenza

A Pinguela. Teatro Escolar

9788418136344

2001

**VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES** | *Novela* | *Lecturas autónomas*

## *O rescate do Peneireiro*

Marilar Aleixandre

Fran Jaraba

O irmán de Sabela forma parte dun grupo de ornitólogos preocupados porque os peneireiros cinsentos, unha especie protexida, están a desaparecer dun xeito misterioso en toda Europa. Sabela e Nito serán as persoas encargadas de investigar esta circunstancia.




XERAIS

Merlín

9788475074719

1990

ODS 11

**VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES** — *Libro informativo* — *Lecturas autónomas*

## *Terras polares*

Margaret Hynes

Libro que, de forma amena e rigorosa, introduce as nenas e os nenos no coñecemento da ciencia e, en especial, das terras polares.




Baía Edicións

Primeiros coñecementos da ciencia

9788496526761

2007

**VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES** — *Ensaio* — *Lecturas expertas*

## *A degradación invisible do solo*

Gerd M. Neugebauer

Patricia Buxán Outeiro

A meirande catástrofe ecolóxica está a pasar case inadvertida: cada ano desaparecen no mundo sete millóns de hectáreas de terra fértil, unha superficie equivalente a máis do dobre de Galicia. A obra tamén dá motivos para a esperanza e recolle un pequeno catálogo de experiencias transformadoras.




catroventos EDITORA

Ensaio

9788412249927

2020

ODS 11

**VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES** — *Narrativa* — *Lecturas expertas*

## *A expedición do Pacífico*

Marilar Aleixandre

A expedición do Pacífico é unha novela que conta as aventuras dunha nena de doce anos, Emilia, que se agacha como polisón nunha expedición científica que parte para explorar o Pacífico no século XIX. As ideas feministas, a polémica entre o darwinismo e o creacionismo e a paixón polo coñecemento están nas páxinas da novela.




XERAIS

Fóra de xogo

9788497825016

2007

**VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES** — *Ensaio* — *Lecturas expertas*

## *A natureza ameazada: xea, flora e fauna de Galicia en perigo*

Juan Ramón Vidal Romaní

Xosé Luis González Gallego

Un repaso polas contornas naturais ameazadas en Galicia, tanto no caso da fauna e da flora como das paisaxes xeolóxicas.




Consello da Cultura Galega

Colección do patrimonio ecolóxico

9788487172539

1989

15

# Literatura infantil e xuvenil galega

gális

**VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES** | *Guías de natureza* | *Lecturas expertas*

## *As 50 máis comúns*

VV AA

Guías de pequeno formato que recollen as 50 especies de ave máis comúns, as 50 especies de cogomelos e as 50 especies de árbores máis comúns. Unhas guías de natureza moi axeitadas para ser utilizadas polo lectorado experto.

A colección está formada por: *Aves*, *Cogomelos*, *Árbores*.




Baía Edicións

As 50 máis comúns

978-84-92630-75-2
978-84-92630-81-3
978-84-92630-76-9

2007

**VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES** | *Novela* | *Lecturas expertas*

## *A treboada de C*

Agustín Agra

Conto que amosa a importancia da pegada do home na natureza e do cambio climático no planeta.




Xunta de Galicia

Contos Climánticos

978-84-45347-18-8

2009

ODS 13

Pódese descargar de www.climantica.org

**VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES** | *Ensaio* | *Lecturas expertas*

## *Guía das árbores autóctonas e ornamentais de Galicia*

Marisa Castro, Antonio Prunell e Jaime B. Blanco-Dios

Jacobo Fernández Serrano

A guía repasa as xeneralidades botánicas e os diversos usos das especies, poñendo especial énfase nas árbores froiteiras, sempre relacionadas co territorio galego: a nomenclatura popular e científica, a clave de especies que permite identificar -sen usar conceptos botánicos complexos- a totalidade das especies citadas, a vexetación autóctona e as plantacións forestais, a silvicultura, as árbores froiteiras, os xardíns en Galicia...




Xerais

Natureza

9788497826457

2007

**VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES** | *Ensaio* | *Lecturas expertas*

## *Guía de ecoloxía cotiá*

Ramsés Pérez Rodríguez

Esta guía achega ideas no debate sobre o modelo de sustentabilidade, especialmente no referido a consumo e a ecoloxía doméstica. Resulta moi acaído para divulgar prácticas que incidan en actitudes e comportamentos coherentes coas ideas defendidas.




Baía Edicións

Baía Verde

9788496893580

2008

ODS 11, 12 e 13

**VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES** | *Ensaio* | *Lecturas expertas*

## *Guía de iniciación á natureza*

Javier Moreiras Menor

Guía ilustrada con fotos e debuxos explicativos. Ofrece unha sinxela e amena iniciación ao estudo da natureza, baseada en experiencias prácticas. Preséntase información sobre os cogomelos, árbores, anfibios, réptiles, aves e mamíferos de Galicia.




EDITORIAL GALAXIA

Guías

9788482881874

2000

**VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES** | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

## *Na cerna da selva*

Pere Tobaruela

O adolescente protagonista é testemuña do asasinato de Dian Fossey, a defensora dos gorilas das montañas. Unha mafia poderosa está disposta a acabar con ela e con todos os que se opoñan aos seus intereses económicos. Igual que antes fixera o colonialismo europeo, tanto os animais coma as tribos africanas, son xoguetes nas súas mans.




EDITORIAL GALAXIA

Costa Oeste

978-84-9151-933-1

2022

ODS 17

**VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES** | *Poesía* | *Lecturas expertas*

## *Nunca mascotas*

Paula Carballeira

Unha ollada que quere contarlle á mocidade, dende a beleza e a reflexión, o que pensa ela sobre a vida animal (da que tamén as persoas formamos parte) así como o papel dos animais como mascotas.




EDITORIAL GALAXIA

Costa Oeste

9788498657289

2016

**VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES** | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

## *Triloxía de Corfú*

Gerald Durrell

Susana Collazo / Moisés Barcia

Os tres libros describen os cinco anos que o autor e a súa familia pasaron na illa grega de Corfú, prestando especial atención á fauna que puido observar aló durante a súa estadía.

A colección confórmana: *A miña familia e outros animais*, *Bechos e demais parentes* e *O xardín dos deuses*.




sushi books

Triloxía de Corfú

9788415920915
9788415920922
9788415920939

2016

15

# Literatura infantil e xuvenil galega

gálix

VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES | Banda deseñada | Lecturas expertas

## *Vivir no solo*

Marilar Aleixandre

Estudio Tangaraño

Libro de banda deseñada que conta, dun xeito moi ameno, a vida dos animais que podemos atopar no solo. Eles son os que o renovan para que poida vivir nel o resto da vida vexetal e animal do planeta.




Consello da Cultura Galega

Ciencia para todos

9788495415321

2000

## E TAMÉN...

- *A casa dos Lucarios*
- *Akna*
- *A miña árbore secreta*
- *As aventuras de Nunavut (O nacemento de Nunavut, Un día de caza, Sedna, a deusa do mar, O caribú namorado)*
- *A horta en Galicia*
- *A linguaxe das plantas*
- *A miña cadeliña*
- *A promesa do cabezolo*
- *Ceiba de luz*
- Colección: *O meu pequeno animalario*
- Colección: *Os animais domésticos*
- Colección: *Pregunta á Dra. Peteiro*
- Colección: *Quen vive aí?*
- *Enciclopedia Temática Ilustrada. O medio terrestre ANT*
- *Enciclopedia Temática Ilustrada. Os espazos naturais ANT*
- *Guía práctica para o cultivo*
- *Indómita e a Semente da Inmortalidade*
- *Nós estamos aquí*
- *O carballo*
- *O libro da selva*
- *Os ecos do lume*
- *Os mil brancos dos esquimós*
- *O Rei da Floresta*
- *Planeta Bugallo*
- *Receitas para cociñar o ar*
- *Un choque inesperado*
- *Viaxe ao patrimonio natural lucense*

**PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS** | ***Narrativa*** | ***Primeiras lecturas***

## *A galiña da paz*

Gloria Sánchez

Manuel Uhía

Unha galiña peregrina a Santiago para pedirlle un desexo ao Apóstolo: poder voar para converterse nunha galiña da Paz.




edebé

Tucán Verde

9788481168686

2002

**PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS** | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

## *A guerra dos números*

Juan Darién

Juan Darién

Marisa Núñez

A través do uso simbólico e metafórico da operación matemática de restar, a historia achéganos á loucura das guerras orixinadas por mor da crenza, de que todo aquilo que é diferente supón unha ameaza.




OQO editora

O

9788498711547

2009

ODS 10

**PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS** | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

## *A historia do Touro Ferdinando*

Munro Leaf

Robert Lawson

Xesús Fraga

A historia do touro Ferdinando é unha alegoría pacifista e antibelicista. Kalandraka recupera a primeira versión en branco e negro deste clásico -aínda tan vixente- que data de 1936. A historia presenta un Ferdinando sensible que, fronte á bravura doutros touros, prefire a tranquilidade dun prado e o arrecendo das flores.




Kalandraka

Tras os montes

978-84-8464-982-3

2016

ODS 10

**PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS** | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

## *Alcaldesa Vermella*

El Hematocrítico

Mar Villar

Anaír Rodríguez

Un misterioso personaxe chegou á fraga. Axiña corre o rumor de que é o mesmísimo xenio da lámpada marabillosa, así que os habitantes do lugar deciden reunirse para facer unha listaxe de peticións. Carapuchiña Vermella, que será a encargada de falar con el, non pode nin imaxinar que estará nas súas propias mans, e nas dos outros personaxes dos contos, a posibilidade de facer do bosque un lugar mellor.




XERAIS

Pequeno Merlín

978-84-9121-650-6

2020

ODS 5 e 17

| PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | Narrativa | Primeiras lecturas |
|---|---|---|

## *A meiga Dona Paz*

Antoniorrobles

Xosé Díaz

Claudio Rodríguez Pérez

Unha bruxiña, coa axuda de seis nenos insólitos leva a paz a dous exércitos en loita.




Edicios do Castro

Narrativa pra nenos

84-7492-032-9

1980

| PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | Álbum ilustrado | Primeiras lecturas |
|---|---|---|

## *Batalla de naipes*

Juan Ignacio Pérez Palomares

Josep Rodés Jordá

Silvia Pérez Tato

O rei Sobruto II vivía en permanente disputa co seu veciño o rei Afilado I o Cruel. A pesar deste gran odio que se profesaban ambos monarcas, o fillo de Sobruto, o Cabaleiro de Alto Plumeiro, e a filla de don Afilado, dona Sota da Espada, estaban profundamente namorados e a súa relación perdurou no tiempo, demostrando que o amor era máis forte que a guerra.




kalandraka

MareMar

84-8464-524-X

2005

| PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | Narrativa | Primeiras lecturas |
|---|---|---|

## *Meigas fóra!*

Ramón D. Veiga

Iván R.

Entre as vilas de Leira e Beira había moita rivalidade. Unha noite de San Xoán, a veciñanza decidiu rematar coas envexas e as porfías dos seus mandatarios.

Un divertidísimo conto que propón unha reflexión sobre o desastre ao que nos poden levar determinados comportamentos.




XERAIS

Merlín

9788491216759

2020

ODS 10

| PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS | Álbum ilustrado | Primeiras lecturas |
|---|---|---|

## *O principio*

Paula Carballeira

Sonja Danowski

A pesar dos efectos crueis e devastadores dunha guerra, este relato poético (narrado a partir da voz dunha nena) transpórtanos con todo detalle ata o lugar onde estoupan as bombas... e aínda así, é unha mensaxe de esperanza.




kalandraka

Maremar

978-84-8464-779-9

2012

**PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS** | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

## *Por que?*

Nikolai Popov

Nikolai Popov

Fronte á barbarie da guerra, un libro visual que alenta as persoas a seren promotoras do diálogo, da tolerancia, da convivencia e da paz.




Kalandraka

Tras os montes

978-84-8464-367-8

2018

ODS 17

**PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS** | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

## *Un barco no ceo*

Quentin Blake

Quentin Blake

Emma Lázare

A historia dunha arca voadora, que percorre o planeta salvando ás vítimas da violencia, da guerra e dos desastres medioambientais.




Kalandraka

Tras os montes

978-84-8464-637-2

2007

ODS 17

**PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS** | ***Poesía*** | ***Primeiras lecturas***

## *Bicos e non balas*

Antonio García Teijeiro

Bea Gregores

Pola nosa boca poden saír balas pero tamén bicos. Poden saír versos e beixos. Podemos reclamar, a berroversos, a paz. Velaquí unha antoloxía de poemas de Antonio García Teijeiro sobre a paz. El é un dos poetas galegos que máis e mellor entenderon que non hai camiño para a paz, senón que a paz (e a poesía) é o camiño.




EDITORIAL GALAXIA

Libros para compartir

978-84-9151-396-4

2019

**PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS** | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

## *A lavandeira de San Simón*

Eva Mejuto

Bea Gregores

A illa de San Simón foi, durante a Guerra Civil, cadea e campo de concentración de máis de seis mil homes inocentes. Moitas foron as mulleres que axudaron, desinteresadamente, a facerlles algo máis soportable a condena levando comida e roupa limpa á illa. Esta é unha de tantas historias de mulleres e crianzas que padeceron a represión e a inxustiza, e que loitaron por cambiar o mundo que lles tocou vivir.




XERAIS

Pequena Memoria

978-84-9121-762-6

2020

ODS 10

**PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS** | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

## *As aventuras de Said e Sheila. A primeira aventura*

Ramón Caride

Miguelanxo Prado

Said e Sheila, dous irmáns da época futura, viven as súas máis sorprendentes e arriscadas aventuras. Saben que o futuro é algo por construír, que temos que facer entre todos. Eles son pacifistas, solidarios, defensores da xustiza e do medio ambiente. Así o demostran en cada unha das entregas da serie. Esta primeira aventura é a mellor alegación contra a guerra.




XERAIS

As aventuras de Said e Sheila

978-84-8302-706-2

2001

ODS 10

**PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS** | *Teatro* | *Lecturas autónomas*

## *Grandullón o xigante abusón e outras pezas de teatro infantil ecopacifista*

Calo Iglesias

Fausto C. Isorna

Pequenas pezas que poñen o acento no tratamento dos valores ecolóxicos e pacifistas. O autor, membro do SGEP (Seminario Galego de Educación pola Paz) abordou esta temática en publicacións, unhas veces destinadas a profesorado e outras, como neste caso, para a infancia.



EDITORIAL TOXOSOUTOS

978-84-89129-88-7

2000

**PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS** | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

## *Historia da bicicleta dun home lagarto*

Fina Casalderrey

Laura Súa Campo

Esta é a historia de Mundo, un neno que superou o ataque dos lobos ao seu rabaño, pedaleou nunha bicicleta de celador de telefonía, rubiu aos postes máis altos coma un lagarto... Pero a misteriosa desaparición do seu pai, o medo debuxado nas caras das veciñas, o loito enigmático da súa nai, as notas manuscritas nos libros... atoldaron os seus soños de futuro.




XERAIS

Sopa de libros

978-84-9914-754-3

2014

ODS 10

**PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS** | *Teatro* | *Lecturas autónomas*

## *Nana para un soldado*

Pepablo Patinho Penya

Nuria Díaz

Dous soldados inimigos coinciden na fronte. A pesar das súas diferenzas terán que poñerse de acordo ante un feito absolutamente imprevisto: o nacemento dun neno. Con grandes doses de humor, o autor propón ao lectorado máis novo dúas visións que se contrapoñen: por un lado, a guerra e a morte; por outro, o nacemento e a vida. Unha reflexión que transmite o absurdo das guerras e o necesario que é escoitarse, entenderse, respectarse.




edicións embora

Tren das cores

978-84-17824-19-8

2020

**PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS** | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

## *Neko*

Eva Mejuto

Bea Gregores

Ninguén entende a Xoana mellor ca Neko, o seu can. Ela, en verdade, quería un gato, pero desde que atopou a Neko, abandonado nun colector do lixo, fixéronse inseparables. Será o seu mellor amigo, o único confidente dun segredo que prometeu que xamais ía contar… Rexeitamento da violencia.




oqueleo

Serie laranxa

9788416834310

2021

ODS 5 e 10

**PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS** | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

## *O principiño*

Antoine de Saint-Exuperi

Antoine de Saint-Exuperi

Carlos Casares

A historia dun neno, príncipe nun planeta sen xente, que realiza unha travesía polo universo. Na viaxe que emprende, polos distintos planetas, coñece xente moi diversa. Finalmente, cando chega á Terra atópase cun aviador, caído no deserto que trata de arranxar a avaría do seu avión e teñen longas conversas.

Nesta viaxe descubre a estraña forma na que os adultos ven a vida e comprende o verdadeiro valor do amor e a amizade.




EDITORIAL GALAXIA

Edicións especiais en capa dura

978-84-9865-409-7

1972

**PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS** | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

## *O tempo das palabras en voz baixa*

Anne-Lise Grobéty

Esperanza León

Emma Lázare

Un libro emocionante e fermoso sobre os campos de exterminio nazi do pobo xudeu. Coñecer esa parte terrorífica da historia da humanidade, inscríbese no deber da memoria, mais tamén é unha lección sobre ata onde poden chegar os límites da amizade.

Un libro de ton intimista e silencioso que alerta sobre os perigos do esquecemento e a importancia da memoria para que non se repitan os mesmos erros.




XERAIS

Sopa de libros

978-84-9782-312-8

2005

**PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS** | *Teatro* | *Lecturas autónomas*

## *O valo*

Carlos Labraña

Nuria Díaz

No medio dun deserto, o Soldadiño de chumbo (un neno soldado) chanta unha bandeira e coloca un valo de arame, xusto onde no seu mapa marca a fronteira. Do outro lado do valo, Sahara, a rosa do deserto, unha rapaza abandonada, que foxe da guerra, trata de convencelo de que a deixe pasar, xa que está procurando un pozo onde saciar a súa sede... A obra propón unha emocionante reflexión sobre a igualdade e a paz entre todas as persoas e comunidades.




XERAIS

Biblioteca dramática galega (Xerais e IGAEM)

978-84-9121-255-3

2017

ODS 6 e 10

**PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS** | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

## *Valados*

Agustín Fernández Paz

Xan López Domínguez

Helena e Xoel son amigos inseparables. Na súa vila comezan a suceder feitos que os desacougan; semella que un vento estraño varreu a alegría das rúas e deixou no seu lugar odio, xenreira e medo. Érguense altos valados para separar e illar unhas persoas doutras. Que vai pasar?




XERAIS

Merlín

978-84-9914-049-0

2009

ODS 10

**PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS** | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

## *A cidade en chamas*

Ariel e Joaquín Dorfman

Moisés R. Barcia

Heller Higland é un anxo da morte. Un adolescente maduro e consciente das inxustizas que existen no mundo, traballa ao servizo da empresa Noticias Suaves onde é o encargado de entregar as malas noticias. Faino de forma tan amable e considerada que os destinatarios das súas entregas, a maior parte inmigrantes, o recoñecen como un mensaxeiro da esperanza.




XERAIS

Fóra de xogo

9788497822596

2005

ODS 10

**PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS** | *Teatro* | *Lecturas autónomas*

## *A derradeira bala*

Fernando Castro Paredes

Luciano é descuberto intentando desertar da guerra e, despois de ser xulgado, é condenado a morte. Á mañá seguinte, será fusilado coa última bala que garda o pelotón. Mais o amor pola música de Luciano e as súas ansias de liberdade farán que a cousa se complique un chisco polo camiño.

Con diálogos áxiles marcados pola retranca e a ironía, pon de relevo o absurdo da guerra.




EDITORIAL GALAXIA

Costa Oeste

978-84-9151-200-4

2018

**PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS** | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

## *Bullying*

Álex Alonso

O acoso escolar, a insolidariedade dos compañeiros e compañeiras, o profesorado que non se decata ou non lle dá importancia, a familia que non é consciente e o sufrimento que se fai insoportable ata acabar con todo. A violencia xorda ou evidente no mundo adolescente que pode conducir a quen a sofre a un final irremediable.




XERAIS

Fóra de Xogo

978-84-1110-234-6

2023

**PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS** | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

## *Cando Hitler roubou o Coello Rosa*

Judith Kerr

Judith Kerr

Mª Carme Ares Vázquez

A chegada de Hitler ao poder cambiará radicalmente a vida de Anna e a súa familia. O seu pai ten que exiliarse en Suiza e Anna, a súa nai e o seu irmán ségueno uns días despois. Anna deixa o seu coello rosa, porque non cabe na maleta pero sempre o botará de menos como símbolo da perda. O que tamén queda atrás é a súa infancia.




ALFAGUARA

Xuvenil Alfaguara

84-204-5059-6

1990

ODS 10

**PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS** | ***Autobiografía*** | ***Lecturas autónomas***

## *Diario de Ana Frank*

Anne Frank

Tomás Ruibal

O *Diario de Ana Frank* foi escrito entre o 12 de xuño de 1942 e o 1 de agosto de 1944 no ático de Amsterdam onde Ana e a súa familia se esconderon dos nazis. Unha obra testemuño fundamental da memoria histórica do Holocausto. Ana é unha adolescente sensible que comparte os seus segredos e vivencias, o medo e a esperanza, a análise social e política desde o seu agocho, fronte ao xenocidio e a barbarie que acontencían no exterior.




FAKTORÍA K DE LIBROS

Narrativa K

978-84-15250-94-4

2015

ODS 10

**PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS** | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

## *In Memoriam*

Pepe Carballude

A chegada dun grupo de voluntarios da Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica coa intención de escavar o antigo Parque da cidade (onde se cre que están os restos dun fusilado pouco despois da Guerra Civil) desencadeará un lote de sorpresas que saldarán débedas pasadas e avivecerán vellas historias adormecidas.




XERAIS

Fóra de Xogo

978-84-9121-904-0

2021

ODS 10

**PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS** | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

## *O neno do pixama de raias*

John Boyne

Daniel Saavedra

A historia dun neno de nove anos, que se atopará cun aramado. No mundo hai milleiros de aramados coma este. A diferenza está en que el é fillo do nazi que dirixe o campo de exterminio e ese aramado sepárao das vítimas. El non o sabe e isto traerá un desenlace inesperado.




FAKTORÍA K DE LIBROS

Narrativa K

978-84-96957-20-6

2007

ODS 10

**PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS** | *Informativo* | *Lecturas autónomas*

## *Que sabes da guerra civil e o franquismo?*

Manuel Veiga Taboada

Carlos Gallego Domínguez

Son acontecementos da nosa historia recente que aínda provocan fortes polémicas. Coñecer o pasado axúdanos a entender o presente. Este libro trata de explicar o que sucedeu de xeito ameno e obxectivo, contándonos tamén como era a sociedade e a vida diaria daquela época, daquel "tempo de silencio", a "longa noite de pedra".




XERAIS

Seica

978-84-9121-981-1

2021

ODS 4

**PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS** | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

## *Reencontro*

Fred Uhlman

Miguel Pérez Romero

A amizade entre dous mozos de dezaseis anos separados pola barbarie nazi. Hans é fillo dun médico xudeu e Konradin é un aristócrata descendente dunha das familias máis vellas de Alemaña. As súas afinidades e o seu xeito de ver as cousas convérteos en amigos íntimos. Pero cando Hitler chega ao poder, Konradin entra no exército nazi e Hans ten que marchar de Alemaña.




EDITORIAL GALAXIA

Costa Oeste

978-84-8288-817-0

1998

ODS 10

**PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS** | *Informativo* | *Lecturas autónomas*

## *Tempo rachado*

Margot Chamorro

Aínda está moi viva entre nós a memoria da guerra civil, e tamén a dos longos e crueis anos de postguerra; unha época gris e amarga, sobre todo para aqueles e aquelas que tiveron que ver como os seus ideais quedaban esmagados. Ese é o tempo rachado do que se nos fala neste emotivo libro, visto a través dos ollos dunha nena nacida nunha familia de vencidos. Un relato testemuñal.




XERAIS

Merlín

84-8302-377-6

1999

ODS 4

**PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS** | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

## *Unha bolsa de canicas*

Josef Joffo

Manolo Uhía

X. Carlos Álvarez Quintero

A diferencia doutras narracións históricas, esta achega á mocidade que non coñeceu a guerra e a posguerra, está narrada por un rapaz. A guerra, a persecución, a morte, vista polos ollos dun neno xudeu, que mira os acontecementos coa inxenuidade e candidez infantil.




edicións do cumio

Serie Gaivota

84-87126-01-4

1988

ODS 10

OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE 16

**PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS** | *Banda deseñada* | *Lecturas autónomas*

## *Wolfram. Espías, nazis e maquis*

Alberto Varela Ferreiro

Alberto Varela Ferreiro




XERAIS

978-84-9121-687-2

2020

ODS 10

1939, a Guerra Civil española remata pero un conflito moito máis grande está a piques de estoupar en Europa e no mundo. Nel (II Guerra Mundial), as novas tácticas e as novas armas van facer do volframio un mineral esencial e escaso no planeta, necesario para as armas. Galicia vai ser un taboleiro no que nazis e aliados xogan esta partida.

## E TAMÉN...

- *A boca da terra*
- *A chave do tamaño*
- *A cuadrilla dos 11*
- *A fábrica de bicos*
- *A derradeira carta aos reis magos*
- *A manchas ou a raias*
- *A partes iguais*
- *As cousas que importan*
- *As voces da auga*
- *Cartas de amor*
- *Contra todo isto. Un manifesto rebelde*
- *Corredores de sombra*
- *De que cor es ti?*
- *En continua evolución*
- *Fronteiras de papel*
- *Guernika*
- *Icía quere cambiar o mundo*
- *Indignádevos!*
- *Lúa en Ningures*
- *Mambrú volveu da guerra*
- *Mañá vén meu tío*
- *Na cerna da selva*
- *Negros e brancos*
- *Ninguén coma min*
- *Nin un biquiño á forza*
- *Noite de voraces sombras*
- *O camiño da Estadea: O regreso de*
- *Sheila e Said*
- *O cemiterio de barcos*
- *Ser amigos*
- *Setemorros e outros contos*
- *Unha manchea de bicos*
- *Zona a defender. A esperanza indócil*

# 17 Literatura infantil e xuvenil galega

gálix

**ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS** | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

## *A cuadrilla dos 11*

Rocío Bonilla

Rocío Bonilla

Bruno Martínez Pita

Cando o invitaron a unirse a aquela cuadrilla, Benxamín sentiuse importante. Era extraordinario formar parte da cuadrilla dos 11 porque todo o mundo os admiraba e respectaba! Mais... era admiración de verdade ou simplemente lles tiñan medo? Benxamín tiña que tomar unha decisión: seguir sendo o peixe número 11 ou defender a amizade e o verdadeiro respecto.




algar

9788491425625

2022

ODS 16

**ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS** | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

## *Agora somos tres*

Giorgio Volpe

Paolo Proietti

Iolanda Mato

Os celos, os segredos e a inclusión son temas desta obra na que son protagonistas un raposo, un leirón e un teixugo. Eles dannos unha gran lección: no corazón de cada un de nós hai lugar para querer a moitos amigos. O amizade non ten límites.




cumio

Boavista

9788482895727

2022

ODS 10

**ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS** | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

## *A nota*

Pilar Serrano Burgos

Daniel Montero Galán

Manuela Rodríguez Lorenzo

Unha nota vai pasando de man en man e así imos coñecendo o barrio onde transcorre a historia deste despregable e tamén aos seus habitantes. As distintas formas nas que a nota é compartida e vai estendendo a súa intrigante mensaxe ata levarnos ao momento no que podemos lela e entender ese percorrido necesario.




kalandraka

9788413431369

2022

ODS 10

**ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS** | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

## *Cos brazos abertos*

Antonio Rubio

María Girón

Xosé Ballesteros

Escolares diversos e de distintas procedencias conviven felices e en harmonía no colexio. Non hai maneira máis sinxela de acollida e relación entre a rapazada.

Un canto á esperanza nun mundo fraterno e igualitario.




kalandraka

MareMar

9788413431598

2022

ODS 10

**ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS** | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

## *Grazas. Historia dun rueiro*

Rocío Bonilla

Rocío Bonilla

Elvira Ribeiro Tobío

Unha historia sobre a convivencia e as relacións humanas. Un rueiro no que ninguén se coñece e pensa mal do veciño, pero grazas a unha avaría inesperada, a vida do rueiro vai mudar totalmente. Grazas á curiosidade e á empatía,os veciños e veciñas van chegar lonxe, moi lonxe. E farano xuntos.




algar

9788491424642

2021

ODS 16

**ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS** | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

## *Cos brazos abertos*

Leo Lionni

Leo Lionni

Xosé Manuel González

A unión fai a forza e o peixe pequeno non sempre ten que temerlle ao grande. Só ten que buscar unha estratexia para evitar o perigo e reclamar respecto.

Un clásico para abordar a superación dos medos e o valor da diversidade.




kalandraka

Tras os montes

9788484646280

2007

ODS 10

**ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS** | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

## *Nós estamos aquí. Apuntamentos para vivirmos no planeta Terra*

Oliver Jeffers

Oliver Jeffers

Laura Sáez, Mónica Pazos e Saleta Fernández

Esta guía que comeza no espazo, vai pasando polo planeta Terra, as persoas, o clima... Fai un percorrido que nos permitirá entender como é o lugar onde vivimos e a importancia de coidar del. A marabillosa presentación do mundo a un fillo.




patasdepeixe

9788494634178

2021

**ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS** | ***Álbum ilustrado*** | ***Primeiras lecturas***

## *O día das apertas*

Frédérick Stehr

Frédérick Stehr

Xosé Ballesteros

Pequenas aves son as protagonistas desta historia da que se desprende tenrura e emoción. Cada animal trae o seu *doudou* abrazado, pero chega un deles que non o ten, daquela deciden que hoxe é o día das apertas e comezan a apreixarse uns a outros, nunha celebración da amizade.




Kalandraka

Libros de cartón redondeados

9788413430577

2021

# 17 Literatura infantil e xuvenil galega

**ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS** | *Álbum ilustrado* | *Primeiras lecturas*

## *Oso e máis eu*

Esther García Peces

Esther García Peces

Un libro que abre unha fiestra para acordar sentimentos de solidariedade, ofrecer axuda a quen a necesita, manexar situacións pouco habituais e procurar solucións sen perder a calma. Porque as cousas non son sempre o que parecen a primeira vista, hai que coñecer as súas causas. A recompensa é a amizade.




OQO editora

O

978-84-9871-679-5

2022

ODS 10

**ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS** | *Narrativa* | *Primeiras lecturas*

## *Quen me quere adoptar?*

Fina Casalderrey

Mª Fe Quesada

Unha reflexión sobre a soidade que viven moitas persoas maiores como Manuel, un mestre xubilado. É posible adoptar un avó? Nada debería impedir buscar axuda, ningunha idea debe ser desbotada antes de reflexionala, na nosa mente non debería haber nada imposible.

A importancia e o valor dos libros e as relacións familiares son outros dos temas que aborda esta obra.




XERAIS

Merlín

9788497823593

2005

ODS 4

**ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS** | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

## *Quen me quere adoptar?*

Marilar Aleixandre

Fran Jaraba

Unha formiga coxa, unha ra peluda e unha cobra chosca deciden buscar algún lugar onde non sexan menosprezadas polas súas eivas e sexan consideradas iguais; úneselles un rato de biblioteca e, ao final, nun val preto da praia de Estorde, encontran o lugar que buscaban.




XERAIS

Merlín

9788497828987

2008

ODS 10

**ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS** | *Libro informativo* | *Lecturas autónomas*

## *En continua evolución*

Santiago Ginnobibli

Guido Ferro

Iago Nicolás

Este libro acércanos á teoría de Darwin e axúdanos a entender mellor quen somos e de onde vimos. Conforme o lemos concluímos que todos os seres humanos formamos unha gran familia para seguir deducir que tamén o somos todos os seres vivos. Ao tempo, introdúcenos no funcionamento da ciencia e do necesario que é interrogarse.




FAKTORÍA K DE LIBROS

978-84-19213-32-7

2023

ODS 4

**ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS** | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

## *Kusuma*

Héctor Cajaraville

María Sánchez Lires

A globalización, a migración e a acollida dos inmigrantes ou a importancia de formar comunidade son algúns dos temas da historia desta faisán femia.

O prexuízos con que ás veces nos enfrontamos ao descoñecido son un camiño enganoso para tratar de entender o mundo.




XERAIS

Merlín

9788491214106

2018

ODS 10

**ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS** | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

## *Lobo Ramón*

María Canosa

Nuria Díaz

Ramón é un lobo atípico, ás veces séntese só, quere acercarse aos veciños pero estes téñenlle medo porque non deixa de ser un lobo. De todos xeitos vai facendo amizades que se preocupan por el e cos que colabora. Unha verdadeira familia de amizades que o aceptan e lle queren, sen importarlles se é un lobo normativo ou diferente.




oqueleo

Serie amarela

9788416834211

2020

ODS 10

**ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS** | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

## *Lúa en Ningures*

Beatriz Maceda

Laura Veleiro

Lúa e a súa familia, fuxindo do horror da guerra, instálanse no campo de refuxiados de Ningures; alí Lúa descubre cales son os valores realmente importantes na vida das persoas.

Unha obra que nos fai afondar en problemáticas contemporáneas, situacións que levan moito tempo de actualidade...




XERAIS

Merlín

9788491214632

2019

ODS 4, 5 e 10

**ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS** | ***Narrativa*** | ***Lecturas autónomas***

## *O bosque do duque´s Hertogenbosch*

Fran Fernández Dávila

Sabine é unha galega que vive nos Países Baixos. Ela bota de menos Galicia, sobre todo as súas avoas. Axudada polos seus amigos Wilko, Jeroen e Anja, Sabine loitará non só pola súa identidade, senón tamén pola vida, cun conxunto de fortalezas que descoñecía. A amizade é unha forza necesaria para facerlle fronte a un mundo non sempre doado.




EDITORIAL GALAXIA

Merlín

978-84-9151-806-8

2022

ODS 5 e 10

gálix

**ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS** | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

## *Saínza: A Punkiereteira*

María Canosa

Cristian F. Caruncho

Saínza Loureiro, allea a convencionalismos, moi conectada coa súa avoa e apaixonada pola pandeireta é quen de enfrontar situacións de acoso no seu novo centro escolar. Alí, atopa un grupo de compañeiras coas que se entende moi ben e coas que consegue formar un grupo musical, realmente interesante.




A COSTUREIRA

9788412612202

2022

ODS 5 e 10

**ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS** | *Narrativa* | *Lecturas autónomas*

## *Velloucas & Minchas*

Lorena Conde

A novela narra as vivencias dunha adolescente que vai pasar o verán á casa da súa avoa na aldea. Atopa un ambiente enrarecido: os veciños escapan da avoa pola rúa, de noite recíbense chamadas misteriosas… Ante iso, tenta facer o posible por axudar á avoa e ás súas amigas, nun exercicio de sororidade e de acompañamento entre mulleres.




cuarto de inverno

9788412160451

2020

ODS 5 e 10

**ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS** | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

## *A filla do Minotauro*

Marilar Aleixandre

O papel da muller na sociedade, a necesidade de preservar o patrimonio, a falta de valoración do que moitas persoas arriscaron para acadar bens para a humanidade, o poder da mafia, as violacións das mulleres, as folgas pola explotación e morte de nenos e nenas son algúns dos temas que trata esta novela na que se mesturan tempos mitolóxicos cos da 2ª Guerra Mundial.




EDITORIAL GALAXIA

Costa Oeste

9788491511892

2018

ODS 16

**ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS** | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

## *As crónicas de Landereina*

Sabela González

Sabela González

O reino de Landereia vive en paz baixo o goberno dos Gheiroez, despois de catro décadas da tiranía de Wiasmau. Esta paz periga pois o exército dos kaihunn avanza baixo as ordes dun novo tirano que busca destronar os Gheiroez e facerse coa máxica Pedra de Lúa e, con ela, co poder sobre Landereina. A historia continúa ao longo dunha triloxía.

A colección está composta por: *I Bágoa de lúa*, *II Feitizo de sangue* e *III Sangue de lúa* .




EDITORIAL GALAXIA

9788498654875
9788498655803
9788491510123

2013 - 2016

ODS 5

**ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS** | ***Narrativa*** | ***Lecturas expertas***

## *Fóra do normal*

María Reimóndez

Temas como a transexualidade, a aceptación e o respecto á diferenza ou a necesaria axuda dos demais son abordados nesta novela. Unha obra da que é protagonista André e na que participan tamén personaxes como Mucha, Martín ou Xela que, pese ás dúbidas e incertezas en que están instalados, tentan crebar os estereotipos.




XERAIS

Fóra de xogo

9788491214014

2018

ODS 5

**ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS** | ***Narrativa*** | ***Lecturas expertas***

## *Memoria do silencio*

Eva Mejuto

Novela que recolle a contribución das irmáns Touza, arriscándose para salvar aos xudeus que foxen do nazismo. Mais nesta obra tamén se fala da historia dos perseguidos como Frieda e dos perseguidores como Günter, membro da "Gestapo". Relato de fondo histórico que nos sitúa na posguerra española, cando Galicia era a terra na que aliados e nazis se disputaban o volframio.




XERAIS

Fóra de xogo

9788491214618

2019

ODS 5 e 10

**ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS** | ***Narrativa*** | ***Lecturas expertas***

## *O Brindo de Ouro: I. A chamada do Brindo, II. A Táboa da Hospitalidade*

Xesús Manuel Marcos

Novelas de aventuras, épicas e fantásticas, que remite a un pasado mítico, onde o heroísmo e a maxia ocupan un lugar destacado.

Selmo, coñece a desfeita da súa aldea, incendidada polos inimigos; na súa fuxida, atopará a dous heroes que o axudarán (xunto cunha meiga) para desvelar o misterio do Brindo de ouro, un corno máxico que os protexe e os fai invulnerables. E a historia continúa...




XERAIS

Fóra de xogo

9788497822060
9788499147901

2004 - 2009

**ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS** | ***Narrativa*** | ***Lecturas expertas***

## *O grupo*

An Alfaya

Antón, Runa, Carla, Amina e Nico irán compartindo as súas circunstancias e, malia as reticencias iniciais, trabando complicidades e unha rede de apoio mutuo coa que saír adiante. A superación dos traumas psicolóxicos, a aceptación da diversidade ou o valor das relacións humanas están presentes nesta obra.




XERAIS

Fóra de xogo

9788491215417

2019

ODS 10

# 17 Literatura infantil e xuvenil galega

gálix

| ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS | Narrativa | Lecturas expertas |
|---|---|---|

## *O mundo secreto de Basilius Hoffman: I O ladrón de soños, II Un faro na escuridade e III A batalla por Avalón*

Fernando M. Cimadevila

Iván Valladares González e Jara Zambrano

Os reinos que durante séculos lindaron as fronteiras do noso mundo esvaécense entre as brumas das lendas. O arqueólogo Basilius Hoffman e o seu sobriño Peter (buscadores de segredos ocultos e cazadores de mitos esquecidos) loitan contra aqueles que queren acabar co poder da imaxinación.




urco EDITORA

Alcaián

978-84-15699-27-9
978-84-15699-17-0
978-84-15699-52-1

2013 - 2019

| ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS | Banda deseñada | Lecturas expertas |
|---|---|---|

## *O pacto do Letargo. O tríscele roubado*

Miguelanxo Prado

Miguelanxo Prado

Dúas razas de seres máxicos enfróntanse polo destino da humanidade. Comezan unha carreira por obter o poder dun tríscele que podería facer desaparecer aos seres humanos da terra.




RETRANCA EDITORA

9788412241105

2020

ODS 16

| ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS | Narrativa | Lecturas expertas |
|---|---|---|

## *O señor dos aneis: I A Irmandade do Anel, II As Dúas Torres, e III O Regreso do Rei*

J.R.R. Tolkien

Moisés Barcia

Todo comeza cando Frodo viaxa para destruír o Anel único e o inimigo provocará unha guerra para recuperalo, pois é a principal fonte de poder de Sauron. Obra ambientada na Terra Media, habitada por elfos, hobbits, ananos e humanos; a historia do heroe do pobo que, aínda sabendo que o seu destino pode ser fatal, loita por cumprilo, pois del depende a continuidade do seu mundo.




XERAIS

Fóra de xogo

978-84-8302-683-0
978-84-8302-826-1
978-84-8302-916-9

2001 - 2002

ODS 16

**ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS** | *Narrativa* | *Lecturas expertas*

## *Penumbra*

Daniel Landesa

A desaparición dunha das sentinelas do muro que protexe Terra de Sol do reino de Penumbra, pon de manifesto a sombra que ameaza a convivencia entre os cinco territorios de Sol. A pequena irmá da sentinela desaparecida é quen avisa as cinco terras do perigo e quen guía a busca da desaparecida. Mentres, Penumbra maniféstase na terrorífica sombra que intenta darlles caza.




XERAIS
Fóra de xogo
9788491215394
2019

## E TAMÉN...

*A noite da deusa*
*Ás de mosca para Anxo*
*Ernesto e Celestina, músicos da rúa*
*Ernesto e Celestina perderon a Simeón*
*Grazas*
*Grazas!*
*Miña guía, meu capitán*
*O día das apertas*
*Os catro amigos*
*O sorriso de Daniela*
*Os tres amigos*
*Ser amigos*
*Setestrelo de Manuel Esteban*
*Somos amigos?*
*SuperUlex*
*Teño dereitos*
*Tigre e oso na cidade*
*Un paseo polo parque*
*Xa non son malo*

Lembrar

Páxinas web

Lembrar

Páxinas web

LEMBRAR

RECURSOS